

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZ,
A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE A ESTRADA E
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA RAPA
DAS BESTAS DE SABUCEDO 2019**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de A Estrada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2019, e para a posta en marcha, durante a dita celebración, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, utilizando para elo a marca creada a estes efectos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos



obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- O concello de A Estrada ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2019.

Cuarto.- A Rapa das Bestas é unha festa cultural e turística que se celebra anualmente na parroquia de Sabucedo. A celebración consiste en recoller os cabalos do monte, metelos no curro, cortarles as crins e marcalos para logo devolvelos ao monte.

Esta festa presenta unhas singularidades que a diferencian de outras similares, a máis importante é que non se utilizan cordas, palos ou aparellos para reducir ao animal. Os “aloitadores” suxeitan a besta mentres se procede a rapa usando só o seu corpo e a súa destreza para realizar esta labor.

Outra especialidade da Rapa das Bestas de Sabucedo é que a “Baixada” ou actividade de xuntanza e condución das bestas ao curro forma parte da propia celebración e participan nela centos de persoas de toda Galicia e de fóra da comunidade. Ademais séguese a tradición de celebrar unha misa na que se pide a San Lorenzo, patrón de Sabucedo, para que non ocorra ningún accidente durante a festa.

A tradición desta festa incluso podería ser prerromana xa que a topáronse diversos petrogrifos na zona nos que se representan homes sobre cabalos.



Polas súas singulares características e capacidade de atracción de visitantes esta festa foi declarada no ano 2007 Festa de Interese Turístico Internacional.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Sexto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sétimo.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo.- Así mesmo, aproveitarase a citada celebración para desenvolver actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no que se recollen medidas tales como campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, ou actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, implicando ás entidades na elaboración de materiais, campañas e protocolos de



actuación, que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre violencia sexual en espazos públicos, (medidas 26, 30 e 256 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de A Estrada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

